



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Comercio e Consumo

Edificio Advo. San Caetano, s/n – bloque 5 – 3º planta
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN DE FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE, PARA A FINANCIACIÓN CONXUNTA DE CONTRATOS DE OBRAS PARA AMPLIACIÓN DE HALL, MELLORA ENERXÉTICA E TRABALLOS NA PISTA DE ATLETISMO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Sol M^a Vázquez Abeal, directora xeral de Comercio e Consumo, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa fundación de feiras e exposicións de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e fundación de feiras e exposicións de Ourense, para atender ás necesidades que presenta as instalacións do recinto feiral de Expourense, incidindo na compatibilidade entre o uso deportivo e o feiral, mediante o subministro de determinados accesorios na pista de atletismo e a ampliación do hall do recinto feiral máis a mellora enerxética e audiovisual dos medios de que dispón o recinto, cun orzamento de novecentos vinte mil setecentos oitenta e tres euros.

Que a achega da Consellería de Economía, Emprego e Industria será do 100 % do orzamento total, polo importe de novecentos vinte mil setecentos oitenta e tres euros (920.783,00.-)

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Dado o interese coincidente da consellería e a fundación, acordan a formalización deste acordo de colaboración. A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, regula a colaboración no ámbito do sector público autonómico partindo dos principios de colaboración, cooperación e asistencia recíprocas coa finalidade de garantir a eficacia do sector público e o uso eficiente dos recursos públicos, e prevese que esta colaboración no ámbito interno do sector público se faga efectiva a través de certos instrumentos tales como protocolos de colaboración, grupos de traballo, encomendas de xestión, acordos de colaboración ou cooperación para o desempeño de tarefas comúns e outros.

Neste sentido, a consellería ten a firme vontade de emprender actuacións no recinto da fundación que redunden na súa mellora e optimización de todos os recursos existentes, incluíndo os deportivos. A fundación ven xestionando de forma claramente exitosa o recinto feiral e para elo conta cos medios e o persoal necesarios para levar a cabo a licitación pública da organización e execución de eventos feirais os traballos de subministro para a pista de atletismo, mediante a contratación conxunta nos termos anteditos recollidos na Lei 14/2013, posto que se trata de artellar un instrumento de cooperación dirixido a posibilitar a consecución dunha finalidade común para ambos os dous órganos.. En definitiva, considérase oportuno e beneficioso para o interese público que a fundación lle preste a súa colaboración á consellería para levar a cabo a contratación conxunta dos traballos.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela,
Sol María Vázquez Abeal
Directora xeral de Comercio e Consumo.
(Asinado electronicamente)

